

**COMITÉ DE APELACIÓN**  
**FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN**

Recurso de Apelación: 3/ 2022  
Solicitante: Club Balonmán Atlético Guardés

**RESOLUCIÓN**

Visto o recurso de apelación presentado, en data 08/04/2022, no que solicita a revogación da resolución imposta reduciendo la sanción imposta pola Acta nº 2122/24 do Comité territorial de competición correspondiente á xornada 10, partido benxamín mixto Atlético Novás- Atlético Guardés. Mediante a presente, procédese a resolver o recurso de apelación conforme os seguintes

**ANTECEDENTES DE FEITO**

**PRIMEIRO.-** O Comité Territorial de competición emite o 24 de febreiro de 2022 Providencia pola que incoa expediente, e concede un prazo de alegacións de 10 días. O 23 de marzo resolve o expediente, xa que ningún interesado presenta alegacións en tempo e forma. Así, en data 31/03/2022 o Comité Territorial de Competición da Federación Galega de Balonmán, facendo uso das súas facultades e competencias, acorda entre outras medidas disciplinarias, na Acta nº 2122/24 acorda:

“5. OTRAS SANCIONES. Sancionar al CLUB BALONMAN ATLETICO GUARDÉS”, con MULTA DE QUINIENTOS CINCUENTA EUROS (550 €), en aplicación de lo dispuesto en el artículo 49 RRDg del Rgto. de Régimen Disciplinario, BENXAMIN MIXTO- ENCONTRO ATL NOVAS- ATL GUARDES. GRUPO G XORNADA 10, Por los motivos expuestos en la resolución notificada al Club.”

Acta redactada e asinada tras o transcurso do prazo de alegacións do procedemento extraordinario aberto ao abeiro desta infracción; polo que se deu o clube Atlético Guardés prazo para facer alegacións ou presentar proba, e non o fixo.

**SEGUNDO.-** Sanción que ven de ser recorrida, pese a que sinalan recurrir el acta nº 19 2021/2022, se entende que es un error, puesto por el fondo identifican el encuentro correctamente y la sanción.

Ademáis o clube abona o depósito de recurso de apelación, pese a que parece facer uso da fase de alegacións ante o Comité de Competición, fóra de prazo.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

### **PRIMEIRO.- Defecto formal do recurso.**

No seu recurso, o clube non alega ninguna norma ou precepto regulamentario que considere infrinxido. O artigo 112 do RRDg regula o contido obligatorio de un recurso, o que debe facerse constar formalmente para que sexa válido.

Non pode salvarse o escollo de que non menciona ningún precepto infrinxido polo Comité Territorial de competición, artigo 112.C).

Ademáis o recorrente identifica incorrectamente a resolución recorrida. E dirixe o escrito ó Comité territorial de Competición, como se presentase alegacións ao procedemento extraordinario, cosa que non fai. A sanción se impón na Acta 2122/24, pero sendo esta a resolución final dun proceso extraordinario, notificado correctamente ao clube no que tiña dereito a presentar alegacións ou proba en 10 días desde o 24 de febreiro, e non o fizo. Agora ben, este Órgano de apelación, debe valorar a proba que xa hai no

proceso, valorando as posibles infraccións xurídicas da resolución para confirmala ou revogala.

**SEGUNDO.- Preclusión fase de alegacións, presentación extemporánea de alegacións e proba.**

O recurso deixa claro que o que pretende co recurso é unha reformulación dos feitos acontecidos no encontro, coa firma de varias testemuñas, incluso dos dous equipos.

Este Comité non pode máis que lamentar este plantexamento, xa que é o escrito que tiña que ter presentado na fase de alegacións do procedemento extraordinario aberto polo Comité de Competición, no prazo de 10 días que lle deron na Providencia de 24 de febreiro de 2022 e non agora en fase de recurso. Podería facer unha interpretación e considerar que non recurren, pese o abono da taxa de recurso ou a súa petición, pero o certo é que estarían fora de prazo para a presentación de alegacións, así que só pode considerarse recurso de apelación.

Non cabe a presentación de alegacións ou proba tras ese prazo, xa que sendo un procedemento extraordinario, debía terse feito no prazo previsto e por tanto, esta parte non pode modificar os feitos probados, terminado o procedemento extraordinario; unicamente pode corrixir calquer erro xurídico do Comité de Competición.

**TERCEIRO.- Proba existente no procedemento. Falta de proba en contra da resolución recorrida. E a proba obrante en Autos: validez das actas e anexos.**

O Comité de Competición non sanciona arbitrariamente, dende o punto e parte que o fai apoiándose na Acta do partido e os seus anexos. Pese a isto, este Comité valora que os adestradores dos dous equipos estén de acordo na incorrecta actitude do árbitro do encontro, o que pode dar lugar a un expediente dende o Comité de árbitros incluso, pero un mal arbitraje, unha

mala actitude ou xestoforma, non xustifican a violencia física, verbal, ou as ameazas.

Que o árbitro actuase de xeito pouco lectivo é reproable pero non xustifica os actos posteriores da grada, dos pais ou dos adestradores, dando carta branca.

Dito isto, pese a que neguen agora ter ameazado ó árbitro, non é proba dabondo, pois esas testificais tiñan que comparecer en FASE DE ALEGACIÓNS, os procedementos disciplinarios están aí para seguilos, Comité concedeu un prazo e a seguridade xurídica lle obriga a resolver tras el.

As Actas e contido das mesmas veñen regulados polos artigos 179 e 180 do Regulamento de Partidos e Competicións da Federación Española de Balonmán:

*“os árbitros consignarán nas actas someramente, pero con absoluta claridade cantos incidentes ocorran durante o partido e con relación a o seu desenvolvemento, especialmente os casos de faltas contra a autoridade arbitral, agresións ou ofensas entre ou contra os xogadores/as, determinacións adoptadas, descontos de tempo e prórrogas, etc., refirindo os feitos pero absténdose de calificalos”*

*“A acta do partido, e no seu caso o anexo da acta redactado polos árbitros, constitúen unha das bases fundamentais e medio documental necesario para as decisións que haxa de adoptar o Comité de Competición. As declaracións dos árbitros e delegados federativos, que se formulen por escrito, presumense certas, salvo error materialmente manifesto ou probado po los órganos competentes.”*

Dito isto entendemos que o Comité de Competición debe dar credibilidade total ó que nela se recolle, e actúa correctamente incoando un expediente sancionador, este Comité de Apelación ratifica esa decisión do Comité de Competición de dar veracidade a Acta e non habendo proba en contra no recurso porque pese a ter prazo para presentala, anuncian testemuñas fóra de prazo, no recurso.

O seu comportamento supón unha infracción e vai aparexado a unha sanción.

Non realizando o clube recorrente esforzo probatorio algún dos feitos alegados en tempo e forma, non hai posibilidade de revogar en modo algún o recurso por este motivo tampouco.

#### **CUARTO.- Calificación e sanción imposta.**

O artigo 49 do RRDg considera infracción grave, con multa de 301 a 1200 € e o potencial peche do campo durante ate 3 encontros:

A conducta incorrecta do público, manifestada por actos rifados cos deberes de hospitalidade para co equipo visitante ou os de respecto aos árbitros, auxiliares, compoñentes do equipo contrario.

A única dúbida xurídica é si unha ameaza de morte, tal y como consta na acta, é considerado falta leve e por tanto o Comité de competición errou na calificación xurídica da infracción e por ende na sanción; ou é grave.

A xuízo de este Comité, unha ameaza de morte reviste un carácter mesmo delictivo, polo que non pode considerarse en ningún caso leve, por tanto, se entende ben calificado o acto e infracción como grave, ex artigo 49.

Calificado o acto como sanción grave, só queda valorar a sanción, que pode ir dende os 301 euros ós 1.200 €.

O Comité impón a sanción ena súa metade inferior, aplicación que consideramos correcta pois ten en conta a gravidade incluso penal dos feitos, máis cando se desarrolla nun partido de base, en categoría benxamín (reiteramos, se a actitude arbitral lle parece grave aos recorrentes porque non amosa ós rapaces cómo xogar, é de esperar que entendan grave o exemplo aos nenos de xustificar “calquer” resposta ante un erro, mala actitude o inxustiza; que de existir, reitero debería ir o Comité arbitral); pero tamén valora que sexa un feito illado, e por iso non impón a sanción na metade superior.

Así, esta parte non pode revogar a a imposición da sanción imposta.

## RESOLVE

**DESESTIMAR** o recurso interposto polo Club Balonmán Atlético Guardés contra o acordo do Comité Territorial de Competición desta Federación de data Acta nº 2122/24, **CONFIRMANDO O SANCIÓN AO CLUB BALONMAN ATLETICO GUARDÉS**, con **MULTA DE CINCOCENTOS CINCUENTA EUROS (550 €)**, en aplicación do disposto no artigo 49 RRDg do Rgto. de Réxime Disciplinario, na categoría BENXAMIN MIXTO- ENCONTRO ATL NOVAS- ATL GUARDES. GRUPO G XORNADA 10, por non existir proba en contra da Acta arbitral e non presentar alegacións ao proceso extraordinario aberto polo Comité de Competición en tempo e forma.

Esta resolución esgota o trámite federativo, contra a mesma cabe recurso perante o Comité Galego de Xustiza Deportiva no prazo de 15 días hábiles, dende a súa notificación.

Comuníquese aos interesados.

Vigo, 22 de abril de 2022  
A Presidenta do Comité de Apelación  
Asdo. Laura González Solla